

A palestina Shahd Wadi, nomeada Escritora Galega Universal en 2025 pola AELG

A autora palestina é undas das 23 escritoras e escritores palestinos cuxos textos, unha escolma de poemas para "rachar co silencio" se publicarán de balde nun caderno especial que acompañará o 'Nós Diario' e o 'Sermos Galiza' deste sábado, 5 de outubro.



A escritora palestina Shahd Wadi. (Foto: Shahd Wadi)



Redacción 03/out./24

O Consello Directivo da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega vén de aprobar o nomeamento de **Shahd Wadi**, escritora palestina, como **Escritora Galega Universal en 2025**, "desde o profundo respecto e afecto á súa persoa e a valoración da alta calidade da súa obra, así

como por defender a dignidade nacional de [Palestina](#) e os dereitos individuais e colectivos da súa poboación, nomeadamente desde perspectivas feministas".

Poeta e tamén autora do libro *Corpos na trouxa: historias-artísticas-de-vida de mulheres palestinianas no exílio* (2017), aborda, na súa investigación, as narrativas artísticas no contexto da ocupación israelí da Palestina e considera as artes un testemuño de vidas, tamén da súa.

hahd Wadi preséntase nas súas redes socias e profesionais como palestina. "Son palestina, entre outras posibilidades, mais **a liberdade é sobre todo palestina**". Na súa investigación aborda as narrativas artísticas no contexto da ocupación israelí de Palestina.

Afincada en Lisboa, reparte o seu tempo entre a investigación, a tradución, a escrita, as consultorías artísticas e programación cultural. A autora nomeada Escritora Galega Universal en 2025 obtivo tamén o grao de mestra na área de **Estudos Feministas** da Universidade de Coímbra cunha tese titulada "Feminismos de corpos ocupados: as mulleres palestinas entre dúas resistencias" (2010).

En anteriores edicións recibiron orecoñecemento de escritor ou escritora galega universal, concedido pola AELG, Mahmud Darwix, Pepetela, Nancy Morejón, Elena Poniatowska, Juan Gelman, Antonio Gamoneda, José Luis Sampedro, Lidia Jorge, [Bernardo Atxaga](#), Luiz Ruffato, Pere Gimferrer, Hélia Correia, Isabel-Clara Simó, María Teresa Horta, Mariasun Landa, José Luandino Vieira, Ana Luísa Amaral, Lydia Cacho e Joseba Sarrionandia.